

## **PUBLICACIÓNS DIXITAIS PROFESIONAIS: DESEÑO, AUTOEDICIÓN, MAQUETACIÓN E DIAGRAMACIÓN CON SCRIBUS**

No marco de colaboración entre as universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (CIXUG), este ofrece actividades formativas directamente destinadas ao persoal de administración e servizos, orientadas a mellorar a súa capacitación e a impulsar o uso de ferramentas informáticas na xestión. E neste contexto

**ESTA XERENCIA RESOLVEU:** convocar o curso en liña de *Publicacións dixitais profesionais: deseño, autoedición, maquetación e diagramación con Scribus*, con suxeición ás seguintes

### **BASES**

#### **Primeira.- Persoal destinatario.**

Persoal de administración e servizos.

#### **Segunda.- Obxectivos.**

Formar en Scribus, autoedición e maquetación, a través da visión do distinto software DTP (publicación de escritorio e autoedición), da maquetación avanzada e da exportación de traballos de distintos formatos.

#### **Terceira.- Desenvolvemento.**

1. O curso desenvolverase na modalidade en liña entre o 5 de setembro e o 7 de outubro de 2022. Requirirá unha dedicación estimada de 24 horas.
2. O número máximo de participantes pola Universidade de Vigo será de 5.
3. Requisitos técnicos: un ordenador con conexión a internet.

4. Será preciso acceder a través da Aula virtual do CIXUG (<http://formar.cixug.es>). Existirá unha proba obrigatoria de autoavaliación ao final de cada tema e unha proba final de avaliación.
5. Requisito: descargar o programa gratuito a través da URL <https://www.scribus.net/downloads/stable-branch/>
6. De recibirse máis de 5 solicitudes, seguirase a orde alfabética a partir da letra T vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 28 de xaneiro de 2022 (DOG do 4 de febreiro) e terase en conta ao persoal que, nos últimos anos, estea gozando ou gozase dunha licenza de maternidade, dun permiso de paternidade, dunha redución de xornada ou dunha excedencia para o coidado de fillas/os ou familiares (D.L. 2/2015, do 12 de febreiro). En todo caso terá preferencia o persoal funcionario de carreira e laboral fixo.

#### **Cuarta.- Solicitudes.**

O prazo de inscrición rematará o 24 de agosto de 2022 debendo efectuarse a través de Bubela, dentro dos cursos ofertados polo Servizo de PAS deberá seleccionar o curso *Publicacións dixitais profesionais: deseño, autoedición, maquetación e diagramación con Scribus*, e por último, premer no botón *Preinscribir*.

O informe do/a responsable da unidade ou servizo acerca da necesidade e/ou conveniencia desta actividade para a persoa peticionaria, se remitirá ao Servizo de PAS a través do correo electrónico [formacionpas@uvigo.es](mailto:formacionpas@uvigo.es)

#### **Quinta.- Programa.**

1. Introducción ao curso. Software libre e software non libre.
  - Cultura libre e Creative Commons.
  - Obter recursos libres.
  - Formatos estándares.
  - Software DTP: Software comercial privativo vs Scribus; obtención e descarga.
2. Introducción a Scribus.
  - Espazo de traballo. Configurar un novo documento. Ferramentas de texto.
  - Inserción básica de imaxes. Inserción de texto doutros documentos. Estilos de párrafos.
  - Xestión de ficheiros e de proxectos. Inserción de novas páxinas. Configuración básica da contorna.
  - Menús contextuais. Panel de propiedades: X, Y, Z; forma; texto; imaxe; liñas; cores.
  - Control do fluxo de textos. Historial de accións. Traballo con capas. Formas xeométricas.
3. Maquetación avanzada
  - Esquema. Alíñar e distribuír. Ordenado de páxinas. Medidas. Álbum de recortes.
  - Formas complexas: traballo con polígonos e conversión a cadros de texto.
  - Guías e táboas de maquetación. O editor interno e estilos. Modelos de traballo.

- Xestión da cor: degradados, novas cores, cores de/para imprenta, importar cores e paletas de cores.
  - Creación de índices. Configuración avanzada. Formularios.
- 4 Finalización e entrega. Recolección para a saída. Exportación a PDF. Exportación a formatos de imaxe. Exportación a outros formatos. Opcións avanzadas de impresión.

## **Sexta.- Profesorado.**

Óscar Fernández Carballo, CIXUG Oficina de Software Libre.

## **Sétima.- Control e certificacións.**

1. Para ter dereito ao certificado acreditativo, haberá que realizar as actividades que se especifiquen e necesariamente superar unha proba de aptitude.
2. As persoas admitidas só poderán renunciar ao curso cunha antelación mínima de dous días hábiles á data do seu comezo, en caso contrario perderán o dereito a ser admitidas durante un prazo de seis meses a calquera curso que se convoque, agás no suposto de que queden prazas vacantes. Igual tratamento recibirá quen non realice polo menos o 80% das actividades preceptivas establecidas polo/a docente.

## **Oitava.- Financiamento.**

Convenio de colaboración entre a Amtega e o CIXUG para o apoio das actividades en materia de software libre.

Vigo, 27 de maio de 2022

A xerenta,